

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014568	IES Nº 1	Ribeira	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporcióna ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Coa Historia do Mundo Contemporáneo, materia de 1º de Bacharelato e para a que agora nos propoñemos elaborar esta Programación Didáctica, procúrase, precisamente, o coñecemento dos procesos que contribuíron á conformación da nosa realidade inmediata. A través desta materia -e da disciplina histórica en xeral- debe fomentarse o consenso nuns valores compartidos, como a defensa das liberdades, os dereitos humanos, os valores democráticos ou a construción da paz, froito dunha serie de complexos procesos históricos interrelacionados que, por tanto, cómpre seren salientados e apreñidos, pero tamén observados, interpretados, comprendidos e mesmo criticados.

A historia ten que permitir desenvolver o espírito e pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais, implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces. Asemade, esta materia debe orientarse a formar persoas con capacidade de reflexión sobre as sociedades pasadas, así como tamén sobre a sociedade actual na que viven e sobre as súas perspectivas de futuro. No actual proceso de globalización é preciso que o noso alumnado entenda que o espazo europeo -e a civilización occidental en xeral- se inserta nun conxunto máis amplo e diverso de sistemas socioeconómicos, políticos e culturais, así como tamén que a historia non é teleolóxica, estable nin definitiva. Sendo así que, en consecuencia, a situación actual é tan dinámica e susceptible de mudanza como o foron os contextos do pasado, aos que con esta materia nos achegamos dende o presente. A Historia do Mundo Contemporáneo debe contribuír de maneira directa e efectiva a formar cidadás e cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida de parte dos nosos devanceiros e da necesidade do seu compromiso para coas xeracións futuras.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. Precisamente, os retos do mundo actual inciden na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2	1	2		11	1-2-3	1	
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5	1			11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Revolución francesa e o Imperio	Abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade a través do estudo da Revolución francesa e o Imperio. Arte Rococó e arte neoclásico.	8	11	X		
2	A nova era industrial	Nesta unidade explicarase a importancia da Revolución agrícola e o crecemento demográfico. Analizarase a importancia dunha nova fonte de enerxía como o vapor. Abordaranse as novas industrias e explicaranse novas correntes como o Liberalismo económico e o capitalismo. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XIX.	6	11	X		
3	Os novos movementos sociais	Nesta unidade analizaremos a nova sociedade industrial. O crecemento das cidades, consecuencia da nova era industrial. Valoraremos o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Abordaremos as primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. A consolidación dos partidos e sindicatos e explicaremos o primeiro feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto.	7	10	X		
4	Liberalismo e nacionalismo	Nesta unidade falaremos dos ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o surximento dos novos estados liberais. Analizaremos os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano e finalizaremos falando de dous estados extraeuropeos: os EUA e Xapón. Para finalizar abordaremos o estilo artístico do Romanticismo.	8	11	X		
5	Segunda revolución industrial e imperialismo	Nesta unidade seguiremos analizando o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano causa e consecuencia da segunda revolución industrial. Falaremos das causas do Imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaremos os cambios producidos entre 1870 e 1914. A pintura na segunda metade do século XIX.	5	10	X		
6	A Gran Guerra, un conflito inevitable?	Nesta unidade abordaremos e analizaremos as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudiaremos a Rusia tsarista e explicaremos as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil hasta chegar á creación da URSS. Finalizaremos analizando as consecuencias da Primeira Guerra Mundial.	9	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A Gran Guerra, un conflito inevitable?	As vanguardias artísticas na primeira metade do século XX.	9	11		X	
7	O mundo despois da Primeira Guerra Mundial	Nesta unidade falaremos dos felices anos vinte. Empezaremos abordando os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizaremos a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX.	6	8		X	
8	O auge dos totalitarismos	Nesta unidade analizaremos os ascenso dos totalitarismos e o retroceso das democracias en Europa. Estudiaremos a Stalin e o totalitarismo soviético, ao fascismo italiano e o proceso de nazificación de Alemaña. Facendo unha mención á Guerra Civil Española, a súa internacionalización e o exilio republicano español.	7	8		X	
9	A Segunda Guerra Mundial	Nesta unidade desenvolveremos e analizaremos as causas da guerra. A ofensiva nazi e o dominio europeo nazi. Abordaremos o avance e a vitoria dos aliados para finalizar co análise das consecuencias da guerra. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XX.	8	8		X	
10	A división do mundo en bloques	Nesta unidade explicaremos o concepto de Guerra Fría e os seus inicios. Analizaremos a incursión dun novo protagonista como China. Coñeceremos as numerosas guerras durante a Guerra Fría. Analizaremos a polarización entre sociedades capitalistas e sociedades comunistas. Abordaremos o auge e a crise da Guerra Fría e finalmente a caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría. A pintura na segunda metade do século XX.	9	10		X	
11	Descolonización e neocolonialismo	Nesta unidade explicaremos as causas da descolonización. Desenvolveremos as primeiras independencias en Asia. Analizaremos a Conferencia de Bandung e que significa o non aliñamento. Abordaremos a descolonización de África. Finalizaremos analizando en conxunto a Independencia e as súas consecuencias plasmadas no neocolonialismo. Manifestacións artísticas da segunda metade do século XX.	8	11			X
12	A construción da Unión Europea	Nesta unidade analizaremos os antecedentes do proxecto europeo, todo o proceso de construción da Unión Europea, o seu funcionamento. Estudiaremos os	5	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	A construción da Unión Europea	desafíos globais aos que se enfrenta a Unión Europea.	5	11			X
13	Xeopolítica no mundo	Nesta unidade analizaremos aos Estados Unidos, como primeira potencia mundial. Abordaremos o seu cuestionamento ante China, como novo líder mundial. Estudiaremos a Rusia analizando os conflitos post-soviéticos. Falaremos da zona Indo-Pacífico e explicaremos o concepto de xeopolítica para o desenvolvemento a través de dous exemplos como América e África.	9	10			X
14	Os retos do mundo actual	Nesta unidade explicaremos o ecosistema tecnolóxico, a través da análise dun novo contexto socioeconómico. Explicaremos o concepto de A aldea global. Analizaremos a Axenda 2030. Falaremos do Posmodernismo e das ideoloxías alternativas e para finalizar abordaremos a inestable situación do planeta. Arte e as novas tecnoloxías.	5	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Revolución francesa e o Imperio	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola revolución francesa.	PE	60
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas da Revolución francesa, cos seus correspondentes protagonistas.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de entender por que a Revolución francesa considerase o inicio da era contemporánea. Distingue e entende os inicios do parlamentarismo.	TI	40
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e o advenimiento dos ciclos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.

UD	Título da UD	Duración
2	A nova era industrial	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental. Sabe diferenciar entre o liberalismo económico e o capitalismo.	PE	60
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflitividade en relación co obrerismo. Realiza proxectos sobre a historia do movemento obreiro.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de realizar proxectos de investigación sobre a evolución da poboación, entende os diferentes ciclos demográficos e exerce empatía hacia os grupos marxinados dunha sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
3	Os novos movementos sociais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os novos movementos sociais: primeiras organizacións obreiras, consolidación de partidos e sindicatos e o 1º feminismo.	PE	60
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Explica con rigor histórico a consecución de melloras nas condicións de vida da clase traballadora e o papel do movemento obreiro neste campo, a partir de documentos históricos textuais ou audiovisuais.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	TI	40
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.

UD	Título da UD	Duración
4	Liberalismo e nacionalismo	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do século XIX, as unificacións italiana e alemá e avalía os vellos imperios ruso, austro-húngaro e otomán.	PE	70
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia. Revolucións do XIX.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
5	Segunda revolución industrial e imperialismo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	A través dunha proba escrita avaliar e clasificar a segunda revolución industrial, as causas do imperialismo e os imperios territoriais.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.	TI	40
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de comparar e contrastar a través de proxectos de investigación o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
6	A Gran Guerra, un conflito inevitable?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.	PE	60
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Contesta a unha proba escrita cun nivel adecuado e satisfactorio sobre as causas e consecuencias dos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de distinguir e analizar as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través do análise de producións históricas e tratamento de fontes historiográficas.	TI	40
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue os principais sistemas políticos democráticos e autoritarios no século XX e XXI, analiza as súas consecuencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes

Contidos

- democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
7	O mundo despois da Primeira Guerra Mundial	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de identificar a través de textos e gráficos a importancia das consecuencias da Gran Guerra na toma de conciencia das mulleres sobre a igualdade e a consecución do dereito ao voto.	PE	55
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	É capaz de responder satisfactoriamente á unha proba escrita sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial: a crise do 29.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de analizar fontes historiográficas diversas sobre que foron realmente os felices anos vinte, causas e consecuencias.	TI	45
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais a irrupción da sociedade de masas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
8	O auge dos totalitarismos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de responder a valorar de modo satisfactorio e suficiente sobre o retroceso das democracias en Europa e o auge dos totalitarismos.	PE	60
